

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 1 de setembro de 2016 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos préstamos en beneficio de pequenas e medianas empresas e microempresas de Galicia, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

O Consello de Dirección do Igape, na súa reunión do 30 de xuño de 2016, acordou por unanimidade dos membros asistentes aprobar as bases reguladoras dos préstamos do Igape en beneficio das pequenas e medianas empresas e microempresas de Galicia e facultou o seu director xeral para a súa convocatoria, aprobación de créditos e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. *Publicación das bases reguladoras*

Publicar as bases reguladoras dos préstamos do Igape en beneficio das pequenas e medianas empresas e microempresas de Galicia e convocar os ditos préstamos en réxime de concorrencia non competitiva.

Segundo. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*; no caso de coincidir en día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo comezará o día hábil seguinte e rematará no prazo dun mes, ou no momento de esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape www.igape.es.

Dentro deste prazo, poderán reiterar a solicitude as titulares de expedientes do programa de préstamos Igape-Jeremie convocado por Resolución do 3 de xuño de 2014 (DOG núm. 108, do 9 de xuño) e modificacións parciais (Resolución do 27 de abril de 2015, DOG núm. 82, do 4 de maio; Resolución do 10 de setembro de 2015, DOG núm. 178, do 17 de setembro, e Resolución do 6 de maio de 2016, DOG núm. 93, do 18 de maio), que foran denegados anteriormente por esgotamento do crédito orzamentario, considerándose



nestes supostos iniciado o período de execución na data de presentación da solicitude de préstamo Igape-Jeremie anteriormente denegada.

Terceiro. *Dotación orzamentaria*

Establécese unha liña de préstamos directos do Igape por importe máximo de 12.000.000 €. Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á partida orzamentaria 09.A1-741A-8310 dos orzamentos do 2016.

O director xeral do Igape poderá ampliar os créditos, logo de declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

Cuarto. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2016

Javier Aguilera Navarro

Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Bases reguladoras dos préstamos do Igape en beneficio de pequenas e medianas empresas e microempresas de Galicia

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) é o instrumento básico de acción da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, planeando e executando as actuacións do Goberno autonómico para o apoio aos investimentos considerados estratéxicos no ámbito de Galicia.

O Decreto 133/2002, do 11 de abril (DOG núm. 78, do 23 de abril), modificado polos decretos 174/2007, do 6 de setembro (DOG núm. 186, do 25 de setembro), e 45/2009, do 12 de febreiro (DOG núm. 48, do 10 de marzo), habilita o Igape para conceder, no ámbito das súas funcións, préstamos ou créditos a favor de empresas de acordo cos requisitos e características establecidos nos programas que, con carácter xeral, para tal efecto aprobe e que, polo menos, establecerán os requisitos dos posibles prestameiros, destino dos



fondos, prazo e condicións das operacións, e que serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O Igape xestionou o programa de préstamos Jeremie, previstos no programa operativo Feder Galicia 2007-2013, en beneficio de pequenas e medianas empresas e microempresas cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, mediante Resolución do 3 de xuño de 2014 (DOG núm. 108, do 9 de xuño) e modificacións parciais. Este programa tivo unha grande demanda por parte das pemes e microempresas galegas, téndose chegado a xestionar, tras sucesivas ampliacións de créditos, ata máis de 26,6 millóns de euros, cos cales se financiaron un total de 89 operacións, ata o esgotamento total dos créditos, que supoñen un investimento inducido de case 45 millóns de euros e a previsión de creación de máis de 200 postos de traballo, así como o mantemento duns 1.600.

O éxito do programa de préstamos Jeremie, posto de manifesto polo número de solicitudes, parte das cales quedaron sen poder atender por esgotamento das dispoñibilidades orzamentarias cofinanciadas polo Feder, así como o volume de investimentos e emprego inducido que supón, aconsella aprobar un novo programa de préstamos, co obxecto de dar cobertura ás necesidades de financiamento das pequenas e medianas empresas de Galicia, incluídos os proxectos que non puideron atenderse ao abeiro do anterior programa de préstamos Jeremie por esgotamento de fondos, e mellorar, en definitiva, o acceso ao crédito a aqueles proxectos economicamente viables que encontran dificultades de acceso ao financiamento no mercado financeiro en Galicia, ou a custos comparativamente superiores.

Este programa finánciase integramente con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia, por considerarse unha prioridade potenciar o acceso ao crédito das pemes galegas, especialmente as de menor dimensión, para acometer proxectos de investimento produtivos no territorio de Galicia que redundan en definitiva nun maior crecemento e mellora competitiva da rexión.

Artigo 1. *Prestameiros*

1. Poderán ser beneficiarias aquelas sociedades mercantís que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser unha peme ou microempresa segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) núm. 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño) da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado UE.



b) Realizar unha iniciativa empresarial nun centro de traballo, obxecto do proxecto de investimento, localizado na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Desenvolver ou ter previsto realizar no centro obxecto do proxecto algunha actividade empresarial financiable que non estea entre as actividades excluídas que se sinalan no artigo 1.2.a) e no anexo II nestas bases.

d) Achegar ao proxecto de investimento unha contribución financeira do 30 % do proxecto; un 25 % deberá estar exento de calquera tipo de apoio público, ademais da totalidade dos impostos indirectos que graven a adquisición dos bens, sexa mediante recursos propios sexa mediante financiamento externo.

2. Non poderán ter a condición de beneficiarias:

a) As sociedades cuxa actividade estea comprendida nas excluídas polo artigo 1 do Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas *de minimis*.

b) As sociedades que estean suxeitas a unha orde de recuperación de axudas consecuencia dunha decisión da Comisión Europea.

c) As empresas en crise. Para estes efectos, terase en conta a definición de empresa en crise que para as pemes aparece no punto 2.18 do Regulamento (UE) núm. 651/2014, do 17 de xuño, xeral de exención por categorías (DOUE L 187, do 26 de xuño).

d) As sociedades en que conorra algunha das circunstancias do artigo 10.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3. Tamén poderán ser beneficiarias as persoas físicas e as sociedades civís ou comunidades de bens que cumpran os requisitos sinalados nos puntos anteriores. Neste caso deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe das axudas que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiaria correspondan á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 2. *Características dos proxectos que se van financiar*

O Igape poderá financiar mediante préstamos proxectos empresariais de investimento para implantar na Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os seguintes requisitos:

1. O proxecto deberá presentar un investimento financiable non inferior a 70.000 €.

2. Os proxectos financiáveis terán que acreditar a súa viabilidade técnica, económica, financeira e, de ser o caso, ambiental, e deberán consistir na creación dun novo establecemento, a ampliación dun establecemento existente, a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio esencial no proceso xeral de produción dun establecemento existente. Non serán financiáveis meras substitucións de bens, traslados de centros produtivos que non supoñan mellora na capacidade produtiva ou competitividade, gastos de amortización, saneamento de contas, financiamento ou refinanciamento de débedas nin pagamento de impostos.

3. Serán financiáveis os investimentos e gastos que cumpran os requisitos destas bases, realizados e pagados unha vez presentada a solicitude e dentro do prazo concedido para a execución do proxecto.

Non obstante, para os proxectos denegados por esgotamento do crédito orzamentario, ao abeiro do programa de préstamos Igape-Jeremie convocado por Resolución do 3 de xuño de 2014 e modificacións parciais (DOG núm. 108, do 9 de xuño), considerarase iniciado o período de execución na data de presentación da solicitude de préstamo Igape-Jeremie anteriormente denegada, sempre que reiteren a solicitude no prazo establecido nesta convocatoria e cumpran a totalidade de requisitos establecidos nas presentes bases.

4. Actividades financiáveis: sen prexuízo da multisectorialidade e horizontalidade que as bases reguladoras no seu conxunto respectan, os proxectos financiáveis sobre a contía do investimento deberán en todo caso estar vinculados a algunha actividade económica que non estea entre as excluídas que se relacionan no anexo II nestas bases e/ou no art. 1 do Regulamento 1407/2013 de axudas *de minimis*, independentemente de calquera outra que, ademais, desempeñe o solicitante.

Artigo 3. *Conceptos de gasto financiáveis*

1. Para os efectos de cálculo do financiamento, consideraranse conceptos financiáveis os seguintes:

a) Activos fixos materiais: adquisición dos activos fixos materiais necesarios para acometer o proxecto, tales como terreos, obra civil, adquisición de inmobles, bens de equipa-



mento, mobiliario. O importe máximo do investimento financiable en terreos non poderá exceder o 10 % do investimento total financiable.

b) Activos intanxibles: aplicacións informáticas e adquisición de propiedade intelectual e industrial, incluíndo licenzas de fabricación e patentes, gastos de I+D e outros activos intanxibles ligados a proxectos de innovación tecnolóxica.

c) Exclúense impostos, taxas e arbitrios, agás o imposto sobre o valor engadido cando este non poida ser obxecto de recuperación ou compensación polo beneficiario.

2. Os investimentos e gastos previstos polo solicitante deberán ser especificados na solicitud. O Igape, para cada proxecto que resulte aprobado, establecerá no acordo de concesión individual correspondente os investimentos financiáveis ata o termo do prazo de execución do proxecto.

3. Os bens obxecto de investimento deberán ser adquiridos en propiedade a terceiros polo beneficiario. En caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes tamén deberán pasar a ser de propiedade plena do beneficiario antes da finalización do prazo de execución do proxecto, e deberá constar neste momento o vencemento e pagamento das cantidades aprazadas.

4. Os gastos financiáveis deberán ser contratados e pagados directamente entre o beneficiario da axuda e o provedor final. Os provedores non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores salvo autorización expresa no acordo de concesión e logo de petición do solicitante.

5. O investimento terase que manter no centro de traballo en Galicia durante os 3 anos seguintes ao termo do prazo de execución do proxecto, que se elevará aos 5 anos seguintes ao dito termo no caso de bens inscribíbles nun rexistro público. O investimento financiado poderá ser substituído en caso de obsolescencia, sempre e cando a actividade económica da prestameira se manteña en Galicia durante os períodos mencionados, sen que poidan ser obxecto de financiamento os bens que substitúen os obsoletos.

6. En caso dos activos intanxibles, para seren considerados financiáveis deberán cumprir, ademais, todas estas condicións:

- a) Empregaranse exclusivamente no establecemento beneficiario da axuda.
- b) Consideraranse activos amortizables.
- c) Adquiriranse a terceiros en condicións de mercado.



d) Figurarán no activo da empresa e permanecerán no establecemento beneficiario da axuda durante un período mínimo de 3 anos.

Artigo 4. *Características dos préstamos*

1. Importe do financiamento: o importe do préstamo estará comprendido entre un mínimo de 49.000 € e un máximo de 1.820.000 € e non superará en ningún caso o 70 % do investimento financiable nin a suma deste pendente de pagamento.

2. Disposición dos fondos: admitirase un máximo de 4 disposicións, que se tramitarán conforme o establecido no artigo 10 destas bases.

3. Xuros: o capital disposto e non amortizado do préstamo percibirá diariamente, contado desde a disposición dos fondos e ata que transcorra o prazo de vixencia do préstamo, un xuro nominal fixo que se liquidará e se pagará con periodicidade trimestral e con carácter vencido o último día de cada trimestre natural, xunto coa cantidade destinada á amortización do principal.

Para cada unha das disposicións, no período comprendido desde a data da disposición do préstamo ata o último día do primeiro trimestre natural seguinte á disposición, o importe absoluto dos xuros percibidos calcularase segundo a seguinte fórmula:

$$\frac{C \times R \times T}{36000}$$

Onde C = capital, R = tipo de xuro nominal anual pagadoiro trimestralmente, expresado en puntos porcentuais e T = número de días naturais comprendidos entre a data de disposición e o último día do trimestre natural.

Nos restantes períodos trimestrais completos de xuro, o importe absoluto dos xuros percibidos calcularase aplicando a seguinte fórmula:

$$\frac{C \times R}{400}$$

Onde C = capital, R = tipo de xuro nominal anual expresado en puntos porcentuais.



Sen perxuízo do dereito de resolución do préstamo, en caso de atraso no pagamento dalgunha das sumas debidas en virtude deste contrato, o prestameiro incorrerá de pleno dereito en mora sen necesidade de requirimento previo e virá obrigado a pagar sobre a suma vencida o tipo de xuro ordinario do período máis 6 puntos porcentuais anuais. Eses xuros liquidaranse coincidindo co seguinte vencemento trimestral de xuros.

O tipo de xuro fixo, que se determinará no momento da concesión para toda a vida do préstamo, será o resultado de sumar á media aritmética do euríbor a 1 ano do mes anterior á concesión un diferencial determinado en función do importe inicial do préstamo e das garantías, conforme os seguintes criterios:

a) Tramos que sexan garantidos con aval bancario ou de sociedade de garantía recíproca en cobertura do principal a deber, o diferencial será do 0,1 %.

b) Para os tramos sen os tipos de afianzamento sinalados na alínea a) anterior:

Ata un máximo de 840.000 €: 0,2 %.

De máis de 840.000 € a un máximo de 1.400.000 €: 0,4 %.

De máis de 1.400.000 € a un máximo de 1.820.000 €: 0,7 %.

Non obstante o anterior, o tipo de xuro resultante a cargo do beneficiario non poderá en ningún caso ser inferior ao 0 %.

En caso de que a unha mesma empresa se lle concedese previamente algunha outra operación de préstamo ao abeiro destas bases, para os efectos de computar os tramos para o cálculo do tipo de xuro aplicable, restarase a suma do financiamento previamente concedido dos tramos con porcentaxes de tipo de xuro máis baixas.

As porcentaxes de tipo de xuro anteriormente citadas serán revisadas en función das condicións de mercado calculadas sobre a base da Comunicación 2008/C 14/02, da Comisión ou normativa que a substitúa, de modo que se garanta en todo momento o cumprimento do réxime *de minimis*. Os novos tipos resultantes, no seu caso, serán obxecto de publicación no DOG e afectarán todas as operacións que se concedan a partir da data de publicación.

4. Reembolso do principal dos préstamos: os préstamos que conceda o Igape terán un prazo mínimo de amortización de 2 anos e un máximo de 11 anos, e reembolsaranse me-



diante cotas trimestrais, sen que en ningún caso poida superar a vida económica e técnica dos bens financiados. Poderase establecer un prazo de carencia máximo de 1 ano.

Unha vez finalizado o período de carencia, o importe das cotas comprensivas de amortización de capital e xuros serán constantes e resultará da seguinte fórmula aritmética de desenvolvemento dun cadro de amortización:

$$C \times \frac{\frac{R}{400} \times (1 + \frac{R}{400})^n}{(1 + \frac{R}{400})^n - 1}$$

Sendo «C» o importe total do préstamo, «R» o tipo de xuro nominal anual expresado en puntos porcentuais e «n» o número total de períodos trimestrais de liquidación do préstamo tras a finalización da carencia.

5. Amortización anticipada: a prestameira ten a facultade de proceder ao reembolso total ou parcial do préstamo, mediante notificación dirixida ao lgape cun aviso previo mínimo de 15 días hábiles. A amortización de capital anticipada, cando teña lugar unha vez finalizado o período de carencia e non sexa pola totalidade do préstamo, farase coincidir cun vencemento trimestral de capital, e a partir deste recalcularase o cadro de amortización aplicando a fórmula de desenvolvemento descrita no artigo 4.4 anterior, que se aplicará a reducir o importe das cotas resultantes, salvo que a beneficiada solicite expresamente reducir o prazo do préstamo.

6. En caso de producirse o incumprimento total ou parcial das condicións do contrato de préstamo, o lgape poderá dalo por vencido e requirirá o reembolso total ou parcial, segundo corresponda, do capital vivo e os xuros devindicados, sen perxuízo da obriga de reintegro da subvención bruta equivalente dos puntos porcentuais de xuro a que poida dar lugar o expediente de incumprimento.

7. Garantías: o lgape tomará as garantías axeitadas segundo as características de cada operación. A dita garantía poderá consistir en:

- a) Avais bancarios ou de sociedade de garantía recíproca.
- b) Peñoramento de activos financeiros ou dereitos de crédito.
- c) Hipotecas en primeiro rango sobre bens inmobles.
- d) Hipoteca mobiliaria ou peñor sen desprazamento sobre bens libres doutras cargas.
- e) Avais persoais de socios que acrediten un valor patrimonial neto suficiente.



Se como consecuencia do seguimento e control que se efectúe durante a vixencia da operación fose notoria a diminución de solvencia da prestameira, procuraranse as accións precisas para reforzar a eventual obriga de reembolso. O Igape poderá allear directamente os bens inmobles ou mobles que adquirise en procedementos xudiciais e inclusive os que adquirise en pagamento de débedas de que sexa acredor. Así mesmo, poderá adxudicar directamente contratos de explotación respecto dos mencionados bens.

8. Dereito privado: os contratos mediante os que se formalicen as operacións someteranse ao dereito privado.

Artigo 5. *Compatibilidade e límite da axuda*

1. Os préstamos concedidos a esta liña de financiamento inclúen unha axuda implícita, equivalente ao aforro de carga financeira que supoñen para a beneficiaria respecto a un préstamo alternativo que poderían obter no mercado financeiro.

Os puntos porcentuais de bonificación implícitos e a subvención bruta equivalente recolleranse no acordo de concesión determinados polo Igape en aplicación da Comunicación 2008/C 14/02 da Comisión, e a beneficiaria aceptará a contía estimada desta cando instrumente a operación de préstamo.

2. As axudas implícitas nos préstamos regulados nas presentes bases terán a consideración de axudas *de minimis* e cumpriran co establecido no Regulamento (CE) núm. 1407/2013 da Comisión relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

3. A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan pronto como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente documentación xustificativa do proxecto realizado. En todo caso, antes de conceder o préstamo, solicitarase da empresa unha declaración escrita ou en soporte electrónico sobre calquera axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

4. A concesión destas axudas queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente e, en especial, a da Unión Europea. Nestes termos serán compatibles con outras axudas *de minimis*, sempre que o importe total que se conceda a unha mesma empresa non supere 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.



5. De conformidade co establecido no artigo 3.5 do Regulamento (CE) núm. 1407/2013, as axudas *de minimis* consideraranse concedidas no momento en que se recoñeza á empresa o dereito legal a recibir a axuda en virtude do réxime xurídico nacional aplicable, con independencia da data de pagamento da axuda *de minimis* á empresa. En consecuencia, as variacións nos tipos de xuro de mercado posteriores á concesión non afectarán o cálculo da subvención bruta equivalente.

Artigo 6. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. A tramitación destas bases require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Por tanto, o formulario de solicitude inclúe autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos exixidos nestas bases reguladoras.

3. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nestas bases reguladoras, salvo que estes xa estean en poder do Igape; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

4. A presentación da solicitude pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento e deberá presentar entón a certificación nos termos establecidos regulamentariamente.



5. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 7. *Tramitación*

1. Presentación de solicitudes.

a) Para presentar unha solicitude de axuda, o interesado deberá cubrir previamente un formulario descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>

b) Co fin de prestar asistencia na formalización do formulario, o Igape pon á disposición do interesado o seu Servizo de Asistencia Técnica, a través do mencionado enderezo da internet ou do número de teléfono 900 81 51 51, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade. Desde este servizo poderá acceder á aplicación informática e cubrir o formulario e xerar o IDE identificativo, en caso de que o solicitante non dispoña dun acceso directo á internet.

Deberanse cubrir necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, despois do cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude de préstamo. Este IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractación «SHA 1 160 bits» a partir do documento electrónico xerado pola aplicación informática citada anteriormente.

c) A solicitude de axuda presentárase mediante o formulario que se obterá de modo obrigatorio da citada aplicación informática e que se achega como anexo I a estas bases a título informativo. No formulario será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. A solicitude que careza de IDE ou na cal este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) non será tramitada e concederáselle ao solicitante un prazo de 10



días para a súa emenda, transcorrido o cal se terá por desistido da súa petición, logo de resolución de arquivamento.

d) Xunto co formulario de solicitude presentarase a seguinte documentación:

1º. DNI da persoa solicitante ou representante, só no caso de non autorizar a súa consulta.

2º. NIF da entidade solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.

3º. Informe da Central de Información de Riscos do Banco de España (CIR) correspondente ao último período dispoñible, consistente nun arquivo en formato PDF asinado electronicamente que o solicitante deberá obter da Oficina Virtual do Banco de España (actualmente no enderezo da internet <https://sedeelectronica.bde.es>).

4º. Contas anuais correspondentes aos dous últimos exercicios pechados.

5º. Balance e conta de resultados recentes, asinados polos administradores.

6º. Documentación administrativa da empresa (escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritas no rexistro competente e as súas modificacións posteriores, e poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se for o caso, no rexistro competente).

7º. No caso de actividades situadas en zonas naturais protexidas, descrición completa das actividades afectadas.

8º. Acreditación de actividade financiada (IAE, só no caso de denegar expresamente a súa consulta ou compromiso de alta modelo 036).

9º. Garantías ofrecidas: no caso de garantías hipotecarias, taxación emitida por sociedade homologada polo Banco de España dos bens ofrecidos. Nota simple do rexistro da propiedade. No caso de garantías persoais: copia de declaración do IRPF, só no caso de denegar expresamente a súa consulta, e patrimonio dos avalistas, relación dos seus bens patrimoniais e débedas.

10º. Acreditación da capacidade de financiamento da parte do proxecto non cuberto co préstamo solicitado, que deberá recoller, ademais, a totalidade dos impostos indirectos que graven as adquisicións de bens previstas. Esta acreditación poderá consistir nunha



certificación bancaria da dispoñibilidade líquida e/ou unha comunicación bancaria de estar en disposición de conceder o financiamento.

11°. Para o caso de persoas físicas, sociedades civís ou comunidades de bens, en lugar da documentación sinalada nos números 4º, 5º e 6º anteriores, deberán achegar a copia da declaración do IRPF do último exercicio só no caso de denegar expresamente a súa consulta, e as copias das declaracións do IVE: resumo anual do exercicio anterior e liquidacións periódicas do exercicio corrente.

Adicionalmente o Igape poderá requirir calquera documentación ou aclaración que considere oportuna para os efectos da correcta análise da solicitude.

De acordo co disposto no artigo 35.f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será necesario presentar a documentación que xa se encontre en poder do Igape sempre que se manteña vixente e se identifique no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o cal foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou no caso de que se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirir ao solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

e) Unha vez xerada a solicitude, deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario de solicitude normalizada co IDE (anexo I), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>), de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Alternativamente, unha vez xerada a solicitude, tamén se poderá presentar en soporte papel no Rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas oficinas territoriais do Igape ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario de solicitude normalizada (anexo I) co IDE, xunto coas copias simples da documentación establecida no artigo 7.1.d). No formulario de solicitude inclúese unha declaración responsable da persoa que asina a solicitude de que as copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, que constan na sede do solicitante á disposición do Igape.

Na presentación electrónica, de conformidade co artigo 35.2 da Lei 11/2007, os interesados deberán achegar coa solicitude as copias dixitalizadas dos documentos relaciona-



dos no artigo 7.1.d), e responsabilizarse e garantirá a persoa que asina a solicitude a fidelidade dos ditos documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica. O lgame poderá requirir ao interesado a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

Para achegar xunto co formulario de solicitude os documentos en formato electrónico, o solicitante deberá previamente dixitalizar os documentos orixinais e obter arquivos en formato PDF. A aplicación informática permitirá anexar estes arquivos en formato PDF sempre que cada arquivo individual non supere os 4 MB. En caso de que un documento PDF ocupe máis do dito tamaño, deberá xerarse con menor tamaño. Calquera outro formato de arquivo distinto do PDF non será aceptado pola aplicación informática nin será considerado como documentación presentada.

Os solicitantes por esta vía electrónica deberán reunir os seguintes requisitos:

1º. Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de modo que coa súa sinatura sexa suficiente para acreditar a vontade do solicitante.

2º. O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido, tal e como especifica a Orde do 25 de novembro de 2004, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG núm. 239, do 10 de decembro). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos para os efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmente ao longo da tramitación do expediente.

3º. A presentación ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia admite a sinatura da solicitude por parte dun único solicitante. No caso de que deba ser asinada por máis dun solicitante (por exemplo, solicitudes con dous asinantes, representación mancomunada, etc.), deberá necesariamente anexar un documento en que se deixe constancia de que todos os asinantes autorizan un deles para presentar a solicitude. Este documento realizárase en papel con sinaturas manuscritas e deberá ser escaneado a formato PDF para ser anexado.



4º. Unha vez asinado o formulario de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederáse á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

5º. No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo en que quedará constancia do feito da presentación.

6º. Os interesados que cumpran os requisitos do punto b) anterior tamén poderán empregar a vía telemática para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante indicase no formulario a súa preferencia polo emprego da notificación telemática neste procedemento de axudas. Neste caso o solicitante deberá acceder á web do Igape na ligazón de tramitación telemática, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor e a sinatura electrónica dun xustificante de recibo das notificacións (xustificante de recepción telemático). Os efectos destas notificacións serán os establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño (BOE núm. 150, do 23 de xuño).

f) Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no formulario. Deberano solicitar no enderezo de correo electrónico informa@igape.es, indicando os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico en que desexan recibir o xustificante. Dentro do prazo de presentación de solicitudes poderán modificarse os termos da solicitude inicial, utilizando para iso a aplicación informática para xerar un formulario modificado, cuxo IDE será de obrigatoria inclusión no escrito de comunicación ao Igape das ditas modificacións. Para os efectos de prioridade na resolución terase en conta a data de presentación da solicitude modificada.

g) A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedementos administrativo común.

h) De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude ou o formulario non reúne algunha da documentación ou información exixida, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou acheque os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se



así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, despois da correspondente resolución. Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 6.4 destas bases resulta que o solicitante non se encontra ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

2. Avaliación. Comité de investimentos.

a) Logo de informe dos servizos técnicos do Igape, as solicitudes serán avaliadas por un comité de investimentos designado polo director xeral do Igape. O devandito comité estará formado por tres representantes do Igape, un dos cales actuará como presidente/a e outro como secretario/a, dous representantes de Xesgalicia, un representante da consellería sectorial correspondente. Este comité poderá solicitar a presenza como asesor/a doutro persoal de calquera Administración pública, que non participará nas votacións.

b) As solicitudes serán avaliadas de acordo cos seguintes criterios:

	Rango de valores	Limiar mínimo	Ponderación
Solvencia da entidade/promotor	0-100	40	20
Experiencia previa e traxectoria empresa/promotores	0-15	0	
Antecedentes empresa/promotores	0-5	1	
Calidade da xestión operativa	0-10	0	
Capacitación técnica xeral	0-25	5	
Risco de produto	0-10	2	
Risco de mercado	0-10	2	
Capacidade financeira	0-25	5	
Calidade e viabilidade do proxecto	0-100	40	45
Risco por complexidade técnica	0-20	2	
Aproveitamento de recursos endóxeos	0-5	0	
Xeración de novos mercados e potenciación da exportación	0-10	0	
Aumento da capacidade tecnolóxica e do grao de innovación	0-5	0	
Incremento de produtividade/competitividade como consecuencia da actuación	0-10	5	
Grao de vinculación do proxecto aos obxectivos da axenda de competitividade de Galicia (Industria 4.0) e RIS 3	0-15	0	
Viabilidade económica e financeira da actuación	0-35	15	
Magnitude do investimento en relación coa estrutura previa	0-100	0	10
Garantías e outros factores atenuantes de riscos	0-100	1	25
			100



1º. Asignarase unha puntuación a cada criterio de avaliación no rango de valores indicado.

2º. A puntuación asignada a cada criterio de avaliación contribuirá de maneira ponderada á cualificación total do proxecto ou actuación, que estará normalizada entre 0 e 100 puntos.

3º. A puntuación total obtida polo proxecto ou actuación deberá acadar polo menos o valor de 50 puntos, salvo para proxectos a que corresponda un CNAE non vinculado á industria, que deberán acadar polo menos o valor de 60 puntos. Toda puntuación inferior a estes mínimos suporá a desestimación da solicitude presentada.

4º. O incumprimento dalgún dos limiares indicados levará consigo unha puntuación total de cero puntos e suporá a denegación da solicitude presentada.

3. Resolución.

Unha vez avaliada a solicitude, será competente para resolver a súa concesión ou denegación o Consello de Dirección do Igape, por proposta do seu director xeral.

No acordo de concesión de préstamo faranse constar, entre outros datos, o importe do investimento financiable, o importe do préstamo, o tipo de xuro, o seu prazo de vixencia e carencia, a descrición das garantías que se constituirán a favor do Igape, así como outras obrigas e compromisos que se poidan requirir á prestameira. Así mesmo, constará a obriga por parte do beneficiario de indicar en todo labor de difusión, publicidade ou análogo da actividade apoiable a mención expresa de que a dita actuación foi financiada polo Igape e pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

No acordo denegatorio do préstamo farase constar o motivo da denegación e as vías de recurso ante os xulgados de Santiago de Compostela da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación da resolución, e potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes desde a citada data.

As solicitudes de préstamo resolveranse por orde de entrada das solicitudes completas no Igape, ata a total utilización do orzamento da convocatoria.



Artigo 8. *Notificación*

O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será de tres meses a partir da data de presentación completa da solicitude no Igape, transcorrido o cal o solicitante poderá ter por desestimada a súa solicitude. O citado prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 42.5 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9. *Formalización*

As empresas beneficiarias deberán instar a formalización do préstamo nos prazos establecidos no acordo de concesión.

Unha vez transcorridos os prazos sinalados sen formalizarse a operación, revogárase a concesión e arquivárase o expediente, salvo razóns que motiven a concesión dunha prórroga. O prazo máximo para a formalización de operacións non poderá superar o 30 de novembro de 2016.

Serán por conta da prestameira os gastos asociados á formalización da operación e inscrición de garantías constituídas (notario, rexistrador), así como o custo de liquidación de todos os tributos que a dita operación devindique.

Artigo 10. *Disposición*

1. O prazo máximo para solicitar a disposición dos fondos será o establecido no acordo de concesión e non poderá superar o período de carencia na amortización do préstamo.

Os prazos de disposición non superarán en ningún caso o 30 de decembro de 2016.

2. Para o desembolso do préstamo, admitirase un máximo de 4 disposicións.

3. O desembolso do préstamo realizarase por solicitude da prestameira. A solicitude de desembolso conforme o modelo do anexo III presentarase ante os servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Cando o reembolso dun tramo do préstamo figure garantido mediante aval bancario ou de sociedade de garantía recíproca, o desembolso dese tramo poderase realizar dun-



ha soa vez. Nestes supostos non será necesario especificar na solicitude de desembolso (anexo III) os pagamentos realizados previamente do investimento nin o detalle de provedores.

5. Os avais bancarios ou de sociedade de garantía recíproca achegados pola beneficiaria en garantía da execución e correcta xustificación ante o Igape dos investimentos aprobados no acordo de concesión serán liberados unha vez que conste xustificando o proxecto conforme o establecido no artigo 13 das presentes bases.

6. Para aqueles préstamos que non contén coas garantías sinaladas nos puntos 10.4 e 10.5 anteriores, con carácter previo ao desembolso do préstamo, a prestameira deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Con carácter previo ao desembolso da primeira disposición dos fondos, a prestameira deberá presentar ao Igape primeira copia da escritura ou testemuña da póliza de préstamo debidamente liquidada e rexistrada, e será requisito para ela que as garantías que, se é o caso, se establezan no acordo de concesión estean debidamente inscritas nos rexistros que correspondan.

b) O acordo de concesión establecerá as cautelas necesarias para tratar de evitar que os fondos do préstamo poidan ser aplicados a finalidades distintas do pagamento aos provedores do investimento. Con carácter xeral:

1º. Para os proxectos cuxo prazo de execución remate antes do 30 de decembro de 2016, será necesario acreditar previamente á disposición a existencia de débeda cos provedores dos bens que se van financiar, mediante orixinal ou copia cotexada de facturas, contratos, facturas *pro forma* ou orzamentos debidamente aceptados. En proxectos xa iniciados, e sempre para a segunda e posteriores disposicións, será necesario acreditar documentalmente a realización e o pagamento dos investimentos executados mediante copia cotexada de facturas, xustificantes de pagamento e extractos bancarios. Con carácter xeral, a parte do proxecto financiada con fondos propios ou outros fondos alleos será executada e pagada con anterioridade á utilización do préstamo ou simultaneamente.

2º. Para proxectos cuxo prazo de execución se estenda alén do 30 de decembro de 2016, o desembolso da totalidade dos fondos do préstamo deberá realizarse con anterioridade á dita data, nunha conta bancaria aberta a nome da beneficiaria exclusivamente para tal efecto e non deberá aplicarse a finalidades distintas ao pagamento dos provedores do investimento.



c) O acordo de concesión do préstamo poderá establecer requisitos adicionais que deberá cumprir a prestameira con carácter previo á disposición do préstamo. Ademais, deberá achegarse en todo caso declaración actualizada doutras axudas concedidas para o proxecto obxecto de financiamento e doutros préstamos obtidos a cargo dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. Conforme o artigo 53 da Lei 11/2013, do 26 de decembro, a prestameira deberá acreditar que se encontra ao día no pagamento das obrigas de reembolso de calquera outro préstamo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma, mediante certificación do órgano competente, ou cando non se poida acreditar doutro xeito, mediante unha declaración responsable da prestameira.

Artigo 11. *Período de execución do proxecto*

O período de execución do proxecto iniciarase na data en que o titular presente a solicitude de préstamo e finalizará en data que se especifique no acordo de concesión. Todos os xustificantes da realización e pagamento dos investimentos deberán estar datados nese período, así como calquera outra condición establecida no acordo de concesión, salvo que expresamente se estableza outro prazo.

Non obstante o anterior, para os proxectos denegados ao abeiro das bases reguladoras dos préstamos Igape-Jeremie aprobadas por Resolución do 3 de xuño de 2014 e modificacións parciais posteriores (DOG núm. 108, do 9 de xuño), por motivo de esgotamento das dispoñibilidades orzamentarias, considerarase iniciado o período de execución na data de presentación da solicitude de préstamo Igape-Jeremie anteriormente denegada.

Artigo 12. *Obrigas dos prestameiros*

Son obrigas dos prestameiros:

a) Executar o proxecto que fundamenta a concesión do préstamo subvencionado no prazo establecido no acordo de concesión e manter os investimentos durante 3 anos desde a finalización do prazo de execución, que se elevará aos 5 anos seguintes ao dito termo no caso de bens inscribibles nun rexistro público.

b) Xustificar ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións do préstamo, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión do préstamo.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou de control financeiro, que poidan realizar os



órganos de control competentes, en particular a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas.

d) Comunicar ao Igape a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da axuda. En ningún caso o importe da axuda poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas, supere os límites máximos de intensidade de axuda que sexan de aplicación.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e pagamento dos conceptos financiados, durante, polo menos, un período de catro anos a partir da xustificación da execución do proxecto.

f) Dar publicidade ao financiamento polo Igape dos investimentos que sexan obxecto de axuda, consistente na inclusión da imaxe institucional do Igape e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como lendas relativas ao financiamento público nos carteis, placas conmemorativas, materiais impresos que vaian ser obxecto de difusión alén do uso exclusivo do solicitante, medios electrónicos audiovisuais ou ben en mencións realizadas nos medios de comunicación, que teñan relación co proxecto financiado, sen perxuízo das normas e instrucións contidas no Manual de imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Os logotipos poderán descargarse no enderezo da internet <http://www.igape.es>

Para dar publicidade do financiamento atenderase ao establecido no Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia (DOG núm. 227, do 19 de novembro).

g) No caso de non poder realizar o proxecto para o cal se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución.

h) Subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.



Artigo 13. *Xustificación do proxecto*

1. A aplicación do préstamo ao pagamento dos investimentos acreditarase documental-mente ante o Igape nun prazo máximo de 4 meses desde a data de finalización do período de execución indicado no acordo de concesión.

2. A realización dos investimentos do proxecto que se vai financiar coas restantes fontes acreditarase documental-mente no período máximo establecido individualmente para cada proxecto no acordo de concesión, en función do cronograma de execución que se consi-derase.

3. A acreditación documental consistirá na presentación, en orixinal ou copia cotexada:

a) Das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, xustificativos do gasto da actividade.

b) Da documentación acreditativa do pagamento, por algún dos seguintes medios:

1º. Xustificante de transferencia bancaria ou dos documentos mercantís utilizados como medios de pagamento emitidos e con vencemento dentro do período de execución do proxecto, así como, se é o caso, o seu cargo en conta mediante extractos bancarios. Nes-tes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do paga-mento. Os extractos bancarios a través da internet deberán ter estampado o selo orixinal da entidade financeira.

2º. Certificación bancaria orixinal conforme o pagamento foi realizado efectivamente dentro do prazo de execución do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramen-te identificados o receptor e o emisor do pagamento, así como a súa data.

3º. Informe orixinal de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que será obrigatorio cando o orzamento do proxecto supere os 1.200.000 €, que deberá manifestarse sobre o período de realización (facturación) e paga-mento dos investimentos alegados, así como sobre a existencia ou non de aboamentos ou devolucions posteriores que poidan supoñer unha redución no valor patrimonial dos bens alegados como subvencionables no expediente.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase ache-gar unha relación destas asinada polo representante legal.



No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante algún dos medios sinalados nos puntos anteriores para as facturas alegadas no proxecto e, ademais, algún dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da empresa selado polo banco ou xustificante de recepción orixinal asinado polo proveedor, para os efectos de identificar as facturas non referidas ao proxecto.

As facturas en moeda estranxeira deben presentarse con fotocopia dos documentos bancarios de cargo nos cales conste o cambio empregado.

c) Se é o caso, licenza de obras.

d) A copia en formato impreso ou en formato dixital –que permita a súa lectura–, de material onde se aprecie que se cumpriu a obrigatoriedade de publicidade do financiamento público citado no artigo 12 destas bases.

4. O beneficiario deberá consignar na ficha resumo de facturas do formulario de liquidación os seguintes datos relativos á contabilidade nos cales se reflicten os custos financiados: número de asiento, data do asiento e número de conta contable, xunto cunha declaración responsable do beneficiario de que estes datos reflicten a realidade contable da operación subvencionada.

5. O Igape poderá solicitar as aclaracións pertinentes á documentación achegada ou, se é o caso, informes doutras entidades públicas.

6. Nos casos en que a xustificación documental resulte insuficiente ou excesivamente complexa para acreditar o importe e a realización de determinados gastos, o Igape poderá solicitar que se presente informe de auditoría independente.

6. No procedemento de comprobación dos destinos do préstamo será de aplicación o establecido no artigo 30 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

7. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá supor a modificación ou revogación da concesión e o reintegro, entre outras, das cantidades previamente aboadas.

8. Cando o beneficiario da axuda poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencial-



mente a natureza ou os obxectivos, e que poderían dar lugar á modificación da resolución conforme o artigo 14 destas bases, despois de omitirse o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da axuda poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.

A aceptación das alteracións por parte do Igape no acto de comprobación non exige o beneficiario das sancións que poidan corresponderlle.

Artigo 14. *Modificacións do proxecto*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da operación poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión ou á súa revogación, no caso de considerarse que a modificación afecta un aspecto substancial da concesión.

2. O beneficiario queda obrigado a comunicar ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os cales foi concedida a axuda. En particular, deberá remitir unha declaración complementaria das axudas recibidas para a mesma operación no momento en que sexa comunicada calquera concesión.

3. O Consello de Dirección do Igape poderá acordar a modificación da concesión por instancia da prestameira, nos seguintes supostos:

a) Modificacións na contía do investimento financiable, sempre que se manteña nos límites previstos nestas bases e non se superen as porcentaxes máximas de financiamento con cargo ao préstamo concedido.

b) Modificación dos conceptos de investimento que se vai financiar.

c) Modificación do plan de financiamento previsto.

d) Modificación das garantías constituídas a favor do Igape.

e) Cambios de titularidade, operacións de transformación societaria, fusión ou escisión: cando o novo titular cumpra cada un dos requisitos destas bases e non supoña un menor cabo da solvencia das partes prestameira ou avalistas.

Para iso deberán cumprirse os seguintes requisitos:

1º. Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade destas bases.



2º. Que a modificación non cause prexuízo a terceiros.

3º. Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, se tiveren concurrido na concesión inicial, non suporían a denegación da operación.

4. O acto polo que se acorde a modificación do acordo será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente no cal se dará audiencia aos interesados. Non obstante, poderá prescindirse deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

5. O Igape poderá rectificar de oficio o acordo cando dos elementos que figuren nela se deduza a existencia dun erro material, de feito ou aritmético.

6. Os prazos de formalización e disposición de fondos das operacións, así como os prazos de execución dos proxectos poderán ser modificados, por solicitude dos interesados, por resolución da Dirección Xeral do Igape, logo de informe da área de financiamento.

Artigo 15. *Perda do dereito e reintegro da axuda*

1. Producirase a perda do dereito á axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas no acordo de concesión, das obrigas contidas na normativa aplicable, o que dará lugar, se é o caso, á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención indirectamente percibida en forma de redución de xuros, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

a) En caso de condicións referentes á contía ou conceptos do investimento financiable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados financiables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento supera o 50 % do investimento financiable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus



xuros de demora. O importe do préstamo reducirase proporcionalmente ao grao de incumprimento. En caso de que o investimento financiable non alcance o mínimo de 70.000 €, o grao de incumprimento será total.

b) En caso de incumprimento doutras condicións, o seu alcance será determinado en función do grao e entidade da condición incumprida.

Artigo 16. Amortización anticipada obrigatoria e resolución do contrato de préstamo

1. O Igape poderá resolver o contrato de préstamo e declarará vencido anticipadamente o seu crédito cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) A declaración de perda total do dereito á axuda nos supostos recollidos no artigo 15 das presentes bases.

b) O non pagamento pola prestameira de calquera cantidade debida por principal, xuros, gastos e tributos, en virtude do contrato.

c) A inexistencia, inexactitude substancial ou falsidade de calquera manifestación, información ou notificación que a prestameira fixese ou se obrigue a realizar en virtude do contrato.

d) A solicitude de concurso de acredores da sociedade ou a existencia de calquera outro convenio con algún ou todos os acredores que supoña unha quitación ou espera das débedas da prestameira, a disolución, fusión, escisión, liquidación ou transformación da prestameira, o cesamento efectivo das súas actividades ou a modificación da súa personalidade xurídica.

e) Non estar a prestameira ao día no pagamento de obrigas de reintegro de subvencións con cargo a fondos da Comunidade Autónoma de Galicia ou organismos dependentes, así como non estar ao día no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, ou estar incurso a prestameira ou os seus administradores en causa que legalmente os inhabilite para obteren axudas e subvencións públicas.

f) Se algún dos elementos ou situacións relativos ao proxecto que foron tomados en consideración polo Igape para a concesión do préstamo se modifican ou deixan de existir, de tal forma que se comprometa a realización do proxecto ou o servizo do préstamo.

g) Que teña lugar algún outro feito que ao parecer do Igape faga desmerecer a solvencia da parte prestameira.



h) Non atender no prazo que se lle sinala os requirimentos que realice o Igape co fin de que se poida comprobar o correcto cumprimento dos fins para os cales se concedeu o préstamo ou do correcto seguimento deste.

Ante o incumprimento pola prestameira de calquera obriga asumida no contrato, o Igape poderá conceder un prazo de 20 días contados a partir da denuncia ou notificación para que a prestameira poida emendalo.

2. A prestameira quedará obrigada ao pagamento das obrigas dimanantes do contrato no termo de cinco días naturais contados desde a data da notificación da resolución. Se a prestameira incumpre a obriga de pagamento no prazo antes sinalado, poderá o Igape, desde o día seguinte, sen máis aviso nin dilixencia e en calquera tempo reclamar xudicialmente o importe que ao seu favor acredite polo contrato, tanto por capital, como por xuros, gastos e tributos, así como executar as garantías pactadas, tendo en conta que desde o momento da notificación todas as débedas quedan vencidas e son exixibles.

3. O Igape poderá modificar o calendario de amortización do préstamo e declarará vencido anticipadamente parte do principal cando se produza a perda parcial do dereito á subvención. O importe do préstamo reducirase proporcionalmente ao grao de incumprimento.

Artigo 17. *Seguimento e control*

As empresas prestameiras obríganse a someterse ás actuacións de comprobación que deban efectuar o Igape, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o Consello de Contas. Para tal fin quedan obrigadas á conservación de toda a documentación orixinal que acredite a realidade dos investimentos e gastos financiados coas operacións de préstamo, e a permitir as persoas que se designen para efectuar as visitas aos traballos e instalacións vinculadas ao proxecto, así como realizar as verificacións que entendan necesarias para tal efecto, e facilitando o acceso á información e documentación que requiran.

Artigo 18. *Publicidade*

1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía, Emprego e Industria incluírán as axudas implícitas nos préstamos concedidos ao abeiro destas bases e as sancións que como consecuencia delas poidan impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos prestameiros e a referida publicidade.



2. De acordo co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as axudas implícitas nos préstamos concedidos ao abeiro destas bases na páxina web do Igape (www.igape.es) e no *Diario Oficial de Galicia* expresando a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do prestameiro e da súa publicación nos citados medios. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* realizarse no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións; non obstante, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Instituto Galego de Promoción Económica.

3. De acordo co establecido no artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado para os efectos de publicar as subvencións concedidas na BDNS non requirirá o consentimento do beneficiario. Neste ámbito non será de aplicación o disposto no número 1 do artigo 21 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 19. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación destas bases reguladoras, cuxo tratamento e publicación son autorizadas polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Beneficiarios-Terceiros», cuxo obxecto, entre outras finalidades, é xestionar estas bases reguladoras, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é o Igape, quen no ámbito das súas respectivas competencias cederá os datos á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a resolución do expediente administrativo, así como aos outros órganos especificados nestas mesmas bases reguladoras para a súa tramitación. O solicitante faise responsable da veracidade de todos eles e declara ter o consentimento das terceiras persoas cuxos datos poida ser necesario achegar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Igape, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 de Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a lopd@igape.es

Disposición derradeira

En todo o non considerado expresamente nestas cláusulas será de aplicación o establecido no Decreto 133/2002, do 11 de abril, de regulación da concesión de préstamos polo Igape, e as súas modificacións.





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PRÉSTAMOS DO IGAPE EN BENEFICIO DE PEQUEÑAS E MEDIANAS EMPRESAS E MICROEMPRESAS DE GALICIA	IG534B	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL						NIF
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO				
ACTIVIDADE						

NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)	
NOME E APELIDOS	NIF

NOTIFICACIÓNS POR VÍA TELEMÁTICA
<input type="checkbox"/> Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía telemática (Para utilizar esta opción debe dispor de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet http://tramita.igape.es , logo de identificación mediante certificado).

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos, consignados, relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
IBAN	

ESCRITURA PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE					
ESCRITURA Nº	DATA ESCRITURA	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO	Nº DE PROTOCOLO	NIF SOCIEDADE	DOMICILIO SOCIAL SOCIEDADE

PODER DE REPRESENTACIÓN			
PODER Nº	DATA PODER	OUTORGADA POR ANTE O NOTARIO	Nº DE PROTOCOLO

SOLICITUDE PARA
<input type="checkbox"/> IG234 - Préstamos do Igape en beneficio de pequenas e medianas empresas e microempresas de Galicia

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que obtivo nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE), obtido da aplicación informática para cubrir solicitudes, e o código de comprobación, debe indicar a continuación, de forma obrigatoria. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
--	------------------------

2. No caso de presentación da solicitude en soporte papel, que a documentación presentada no expediente en copia simple, constitúe unha reprodución exacta dos seus orixinais.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE				
<input type="checkbox"/> DNI da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.				
<input type="checkbox"/> DNI da persoa representante, só no caso de non autorizar a súa consulta.				
	PRESENTADO	COD.PROC.	EX.PTE.	ANO
<input type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Informe da Central de Información de Riscos do Banco de España (CIR) correspondente ao último período dispoñible, consistente nun arquivo en formato PDF asinado electronicamente que o solicitante deberá obter da Oficina Virtual do Banco de España (actualmente no enderezo da internet https://sedelectronica.bde.es).	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Contas anuais correspondentes aos dous últimos exercicios pechados.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Balance e conta de resultados recentes, asinados polos administradores.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Documentación administrativa da empresa (escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritas no rexistro competente e as súas modificacións posteriores, e poder do representante que presenta a súa solicitude, inscrito, no seu caso, no rexistro competente).	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> No caso de actividades situadas en zonas naturais protexidas, descrición completa das actividades afectadas.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Acreditación de actividade financiada (IAE, só no caso de denegar expresamente a súa consulta, ou compromiso de alta modelo 036).	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Garantías ofrecidas: no caso de garantías hipotecarias, taxación emitida por sociedade homologada polo Banco de España dos bens ofrecidos. Nota simple do rexistro da propiedade. No caso de garantías persoais: copia de declaración do IRPF, só no caso de denegar expresamente a súa consulta, e patrimonio dos avalistas, relación dos seus bens patrimoniais e débedas.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Acreditación da capacidade de financiamento da parte do proxecto non cuberto co préstamo solicitado, que deberá recoller ademais a totalidade dos impostos indirectos que graven as adquisicións de bens previstas. Esta acreditación poderá consistir nunha certificación bancaria da dispoñibilidade líquida e/ou unha comunicación bancaria de estar en disposición de conceder o financiamento.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Para o caso de persoas físicas, sociedades civís ou comunidades de bens, en lugar da documentación anterior relativa ás contas anuais, balance e documentación administrativa da empresa, deberán achegar a copia da declaración do IRPF do último exercicio, só no caso de denegar expresamente a súa consulta, e as copias das declaracións do IVE: resumo anual do exercicio anterior e liquidacións periódicas do exercicio corrente.	<input type="checkbox"/>			
<p>Autorizo ao Igape, de conformidade cos artigos 35 letra f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, a consultar a documentación indicada anteriormente. Así mesmo, declaro que a devandita documentación está vixente na actualidade e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponden.</p>				
<p>Autorizo ao Igape, a consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.</p> <p><input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non (neste caso aportarase a documentación correspondente)</p>				
<p>Autorizo ao Igape, a consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.</p> <p><input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non (neste caso aportarase a documentación correspondente)</p>				

CVE-DOG: anmciv05-5qg3-iv38-oze6-6g9bewedyu6





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro titularidade do Igape, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Igape, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lop@d@gape.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras dos préstamos do Igape en beneficio de pequenas e medianas empresas e microempresas de Galicia, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

--	--	--	--	--	--

Lugar e data

	,	de		de	
--	---	----	--	----	--



Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS



ANEXO II
Relación de actividades excluídas (non financiáveis)

CNAE 2009	Título CNAE 2009
01	Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados
02	Silvicultura e explotación forestal
03	Pesca e acuicultura
05	Extracción de antracita, hulla e lignito
06	Extracción de cru de petróleo e gas natural
07	Extracción de minerais metálicos
4941	Transporte de mercadorías por estrada
84	Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria
9103	Xestión de lugares e edificios históricos
9104	Actividades dos xardíns botánicos, parques zoolóxicos e reservas naturais
94	Actividades asociativas
97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico
98	Actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio
99	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III

SOLICITUDE DE DESEMBOLSO DE PRÉSTAMO

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
PRESTAMEIRA	Nº EXPEDIENTE

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN	
NOME E APELIDOS	NIF

SOLICITA
Que lle sexa aboada na conta especificada no contrato de préstamo/crédito de referencia unha disposición deste, por importe de _____ € co obxecto de atender os pagamentos relacionados co proxecto financiado, correspondentes ás facturas, contratos, facturas proforma ou orzamentos debidamente aceptados e cuxa copia se achega:

Provedor/Acredor	Concepto	Importe

(en caso de espazo insuficiente, inclúese relación en documento anexo)

Para tal efecto anéxase a seguinte documentación:

- Primeira copia da escritura/póliza formalizada do préstamo, debidamente liquidada e inscrita.
- Acreditación documental da realización e pagamento dos investimentos xa executados deste proxecto (mediante copia de facturas, xustificantes de pagamento e extractos bancarios), para engadir ás que xa constan no Igape, de ser o caso, conforme a seguinte relación:

Provedor/Acredor	Data factura	Importe factura	Data pagamento	Importe pagamento


(en caso de espazo insuficiente, inclúese relación en documento anexo)

- Para o caso de pagamentos previstos con outras fontes de financiamento que deban realizarse simultaneamente cos fondos solicitados, certificación bancaria da dispoñibilidade líquida para o pagamento da parte non financiada para o préstamo e a totalidade do IVE ou impostos indirectos que graven a adquisición.

- Acreditación de que está ao día do pagamento das obrigas de reembolso de calquera outro préstamo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma, mediante certificación do órgano concedente, ou cando non se poida acreditar doutra maneira, mediante unha declaración responsable da prestameira.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro titularidade do Igape, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Igape, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lopd@igape.es.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE				
Lugar e data				
	,	de	de	



Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

